



COSTA DE VILAGARCÍA DE AROUSA

Adela Leiro, Mon Daporta
outubro 2018



Distancia: 9 km (lineal, en coche) + camiñadas

Dificultade: baixa



- 1-Punta Grandoiro
- 2-Praia de Bamio ou do Campanario e punta Remuíño
- 3-Punta e praia da Pedra do Pico
- 4-O CARRIL
- 5-Illa de Cortegada
- 6-Illas Malveiras
- 7-Praias de Carril, Compostela e A Cuncha
- 8-VILAGARCÍA DE AROUSA
- 9-Punta de Ferrazo
- 10-Punta e praia de Canelas
- 11-Praia do Castelete
- 12-VILAXOÁN
- 13-Punta e praia do Preguntoiro
- 14-Praia das Saíñas e punta do Esteiro
- 15-Enseada do Rial
- 16-Punta Borreiro

Vilagarcía de Arousa está situada ao norte da comarca do Salnés, no fondo da ría de Arousa. Ten unha costa típica de fondo de ría, baixa e recortada, na que se suceden puntas, areas e lameiros nos pequenos esteiros dos regatos que baixan dos montes que a rodean (Xiabre e Lobeira); é, ademais, unha costa urbana e urbanizada, na que hai uns poucos anos foron rexeneradas as praias, que se pode percorrer por un paseo, a non ser no tramo portuario, entre O Carril e Vilaxoán, e só conserva o aspecto natural na enseada de O Rial e no litoral de Bamio. Ao longo de toda ela non hai accidentes importantes nin elementos destacados a non ser pequenas puntas e o arquipélago que forman as illas de Cortegada e as Malveiras, que son parte do Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galiza, os lombos da desembocadura do Ulla, que son importantes bancos marisqueiros, e as áreas intermareais que están ocupadas por numerosos parques de cultivo de ameixa e berberecho.



Vista da costa de Vilagarcía desde O Carril a Vilaxoán

PERCORRIDO

Comezamos na praia de Bamio e rematamos na punta do Esteiro en Vilaxoán.

Na estrada de Vilagarcía a Catoira collemos o desvío á **praia de Bamio ou do Campanario**, desde onde temos as primeiras vistas da ría, do **esteiro do Ulla** e da illa de Cortegada. Volvendo á estrada cara a Vilagarcía facemos a seguinte parada na área de lecer da entrada do **Carril**, desde onde temos boas vistas de **Cortegada** e dos parques de cultivo. Logo seguimos ata o porto de Carril, onde paramos para vistar a localidade, o porto, as illas Cortegada e Malveiras e o arranque do areal formado polas **praias do Carril, Compostela e A Cuncha**, que se estende desde O Carril ata o porto de Vilagarcía -un paseo permite percorrelo en toda a súa lonxitude (case 2 km)-. Entre O Carril e Vilagarcía facemos unha parada no **Parque de Compostela** no que hai algunhas árbores de interese. Continuamos pola estrada máis achegada ao mar e pasamos pola zona portuaria (unha parte pódese percorrer por un paseo peonil) e logo continuamos ata **Vilaxoán**, onde podemos facer outra parada para visitar o porto e a **praia do Preguntoiro**. Por último saímos da estrada para achegarnos á **praia das Saíñas** e a **punta do Esteiro**, desde onde podemos ver a **enseada do Rial** e a **punta Borreiro**, límite do concello.



1-Punta Grandeiro



2-Praia de Bamio ou do Campanario e punta Remuíño



3-Punta e praia da Pedra do Pico





Costa de Bamio ao Carril. No primeiro plano a illa de Cortegada.

As illas de Cortegada, Malveira Grande e Pequena, e os illotes das Briñas, forman parte do **PARQUE NACIONAL MARÍTIMO-TERRESTRE DAS ILLAS ATLÁNTICAS DE GALIZA**.

O interese desta zona reside nos fondos mariños e no bosque de loureiros da Illa de Cortegada. Os arredores da Illa de Cortegada son unha importante área de marisqueo e cultivo en viveiros, en especial de berberecho e ameixa.

Illa de Cortegada. Contaba cunha poboación estable e con numerosas leiras cultivadas. En setembro de 1907 foi doada ao rei Alfonso XIII para construír unha residencia de verán. Os colonos foron forzados a abandonar as terras. A propiedade foi vendida en 1978 a unha inmobiliaria e na actualidade é de novo de propiedade pública



A Illa de Cortegada ten unha superficie de 50 ha. O seu relevo é case chan, coa costa maiormente areosa sobre fondo de rocha. Na súa contorna atópanse os ricos bancos marisqueiros de Carril.



O Carril, Cortegada e as Malveiras





4-O Carril



7-Praia de Carril



Praia de Compostela



Praia e parque de Compostela



Praia de Compostela



Praia da Cuncha



8-VILAGARCÍA DE AROUSA

A cidade de Vilagarcía é un importante centro de servizos comarcal que conta cun porto de mercadería e ferrocarril. O porto de Vilagarcía é o porto comercial máis importante da Ría de Arousa.





10-Punta e praia de Canelas



11-Praia do Castelete



13-Punta e praia do Preguntoiro



14-Praia das Saiñas



Punta do Esteiro



15-Enseada do Rial



16-Punta Borreiro desde a punta do Esteiro

Un bo complemento do roteiro pra coñecer a costa de Vilagarcía é achegarse a algún dos puntos panorámicos: o monte de San Roque no Carril, O Xiabre ou o Lobeira.



Vista de Carril e Cortegada desde o monte de San Roque



Vista de Vilagarcía desde o monte Lobeira. Ao fondo as illas Cortegada e Malveiras.



Vista de Vilagarcía desde o monte Xiabre